


9

**non me yeñas  
con andrómenas!**



FUNCIONES COMUNICATIVAS	COÑECEMENTO DO CÓDIGO			CONTIDOS SOCIOCULTURAIS
	LÉXICO	GRAMÁTICA	FONÉTICA E ORTOGRAFÍA	
<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Discutir sobre información recibida.</li> <li>❖ Recordarlle algo a alguén.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Hostalaría: alimentos de temporada.</li> <li>❖ Léxico festivo: o Entroido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Locucións prepositivas para introducir nocións temporais.</li> <li>❖ Oracións temporais.</li> <li>❖ Derivación: os sufixos temporais.</li> <li>❖ Tipoloxía textual: o artigo de opinión (a ironía).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ Os puntos suspensivos.</li> <li>❖ A adecuación: rexistros.</li> <li>❖ GALEGO EN ACCIÓN: unha regueifa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>❖ O Entroido.</li> </ul>



## Actividade introdutoria



1. Que fan estas persoas? Entre varias persoas da clase e pasándovos a quenda de palabra segundo o vaia indicando o profesor ou profesora, intentade describir con todo detalle o que se aprecia na foto.

Para axudarche, podedes guiavos por estas cuestións:

- Quen son?
- Que fan?
- Como van vestidos?
- Hai algo rechamante na fotografía?



2. Ofrecémosche unha serie de palabras referentes a algunhas das celebracións máis coñecidas do ano. Di que día do ano se celebran e logo ordenádeas cronoloxicamente:

Entroido	Pascua	San Xoán	Reis	Día da Patria Galega
Defuntos	Día do Traballo	Día da Constitución		Día dos Inocentes

- 1.º \_\_\_\_\_
- 2.º \_\_\_\_\_
- 3.º \_\_\_\_\_
- 4.º \_\_\_\_\_
- 5.º \_\_\_\_\_
- 6.º \_\_\_\_\_
- 7.º \_\_\_\_\_
- 8.º \_\_\_\_\_
- 9.º \_\_\_\_\_

3. Deseguido, asocia cada unha destas celebracións co que representan ou coas actividades máis frecuentes ás que están asociadas:

Entroido	Día de Galicia.
Día da Constitución	Fánselles agasallos aos nenos e nenas.
San Xoán	Asar sardiñas e saltar a cacharela.
Pascua	A xente disfrázase.
Día dos Inocentes	Conmemoración da aprobación dun texto lexislativo.
Reis	Conmemórase a clase obreira.
Día do Traballo	Visítanse nos cemiterios os seres queridos falecidos.
Defuntos	É o día dos padriños e das madriñas.
Día da Patria Galega	Gástanse bromas.



4. No refraneiro galego, hai moitos refráns que teñen como temática algunhas destas celebracións.

a) Une con frechas para completalos:

Polo San Martiño...	... comes na viña a pintar o bago.
Marzo marzán...	... deixa a auga e vaite ao viño.
A todo porquiño...	... igualan as noites cos días.
Cando marzo maiea...	... trompos ao camiño.
Por Santiago...	... que por setembro regaña.
Polo San Martiño...	... xa a sardiña molla o pan.
Por San Matías...	... pola mañá cariña de rosa e pola tarde cara de can.
Polo San Xoán...	... lle chega o seu San Martiño.
Temporán é a castaña...	... maio marzea.

b) Para comentar oralmente: que significan?





## Gramática e léxico

### Prácticas guiadas

#### GRAMÁTICA SELECTIVA

##### Para discutir sobre información recibida:

Para mostrar o noso desacordo coa información que nos dá outra persoa ou ben, coa súa conduta, podemos utilizar algunha destas fórmulas:

Se o tratamento é distante:

*Non estou de acordo con vostede...*

*Estou en desacordo con vostede...*

*Non comparto a súa opinión...*

*Paréceme moi discutible a súa opinión de que...*

Se o tratamento é familiar:

*Non estou de acordo contigo niso/no que dis...*

*Non me parece que...*

*Creo que te equivocas en...*

*O que dis/fas non está ben...*

*Non creo que teñas razón...*

#### INDICAR TEMPORALIDADE

No galego, contamos con varias alternativas para indicar nocións de tempo:

##### - adverbios de tempo:

*Onte* vinte pola tarde.

*Quixente sempre* moito.

*Nunca* me dixo nada.

*Hoxe* fai bo día.

##### - frases que funcionan como comp. circunstanciais de tempo:

*Pola tarde* (fr. prep.)

*Ao mediodía* (fr. prep.)

*Na tardiña* (fr. prep.)

*O día de onte* (fr. nom.)

##### - oracións temporais:

a) introducidas por conxuncións temporais:

*Non o verei mentres que* viva aló.

*Antes que* chegue, avísote.

Chámote *despois de que* marche meu pai.

*Cando* apareza o neno, dille que veña xunta min.

*Tan axiña como* chegue, mándalo para a casa.

b) oracións de infinitivo introducidas por preposición:

*Ao caer o día*, comezou a chover.

*Tras vir do colexio*, Bieito fai os deberes.

*Ata chegar á escola*, non te movas do asento.

# 9 non me yeñas con andrómenas!



## Léxico

Coloquial: andar de parranda, troulear

Estándar: divertirse

Culto: gozar do tempo de ocio

Coloquial: fungar

Estándar: protestar

Culto: mostrar discordancia

Coloquial: discutir coma cans

Estándar: ter unha discusión

Culto: ter unha controversia, refutar

Coloquial: tomar o pelo

Estándar: bromear

Culto: facer burla

Coloquial: colocar ben

Estándar: ordenar no tempo

Culto: ordenar cronoloxicamente

Coloquial: meterse con alguén

Estándar: molestar

Culto: desgustar, ofender

5. Relaciona produtos e/ou comidas con festividades destacadas do ano no que é típico consumilos:

*San Xoán*

*Nadal*

*Entroido*

*chourizos*

*grelos*

*cachucha*

*sardiña*

*boroa*

*améndoas*

*turrón*

*pavo*

*bacallau*

*garavanzos*

*filloas*

*orellas*

*champán*



6. Seguindo agora o modelo que che presentamos, imos indicar cando se consomen estes alimentos:

**Polo Nadal**, *cómese/bébese...*

**No Entroido** *son típicos...*

**Por San Xoán**, *saboréanse...*

7. Unimos agora época do ano con actividade...

Sementar patacas	Entroido
Vestirse de vello	Verán
Decorar cabazos	Marzo
Cantar panxoliñas	Samaín
Ir á praia	Outono
Vendimar	Nadal

a) Seguindo o modelo do exercicio anterior, construímos as oracións.

Procura utilizar todo o vocabulario que che achegamos:

- *Polo entroido vestímonos de vellos.*

- ...

Vocabulario útil:

*É costume*

*Acostúmase*

*Adoitar*

*Tradicionalmente*

*Desde sempre*





8. Observa agora as fotografías. Nelas, móstranse os pasos que se deben seguir para elaborar un prato, pero están desordenadas:



a) Poñemos un número debaixo de cada fotografía segundo a orde que deben ter.

Verbos útiles:

Remexer

Engadir

Fritir

Untar

Cortar

b) Escribimos as instrucións paso a paso:

Paso 1: \_\_\_\_\_

Paso 2: \_\_\_\_\_

Paso 3: \_\_\_\_\_

....

c) Como se chama o prato?

9 non me yeñas  
con andrómenas!



9. Completa ti agora, atendendo aos pasos que elaboraches, estas afirmacións

*Antes de botar a fariña* hai que \_\_\_\_\_.

Debemos untalas en ovo *despois de* \_\_\_\_\_.

A fariña bótase *antes de* \_\_\_\_\_.

*Primeiro* bótase a fariña e logo \_\_\_\_\_.

*Nunca* se deben botar *á xunta* \_\_\_\_\_.

*Por último* \_\_\_\_\_.

*Sempre* hai que \_\_\_\_\_ *mentres* está na tixola.

Temos que remexer a masa continuamente *antes de que* \_\_\_\_\_.






*Despois de que* fagamos todos os pasos correctamente, poderemos saborear \_\_\_\_\_.



# 9 non me yeñas con andrómenas!



10. Vas construír un texto similar ao anterior, no que has usar as expresións que están en cursiva. O que debemos describir nesta ocasión é esta secuencia:





# As regueifas

Texto publicado en *Leño Verde*



A regueifa é un bolo de pan, propio das vodas, feito con fariña triga, ovos, manteiga, azucre e moi ben adornado de lambetadas, que podía ser disputado de dúas maneiras: improvisando cantigas de porfía ou bailando unha muiñeira de puntos moi difíciles e artísticos. A regueifa era entregada pola noiva á persoa vencedora na disputa e esta quedaba encargada de repartila entre as solteiras e solteiros asistentes. Ás persoas participantes no xogo chámaselles regueifeiras ou regueifeiros e esta forma acabou por ser utilizada para denominar a todos aqueles que, con bolo ou sen el, nunha voda ou en calquera outra circunstancia, compiten coa palabra para demostrar a súa agudeza e capacidade de improvisación.

Estes desafíos rimados son unha forma xa moi antiga de competición festiva na que o enxeño, a simpatía, os reflexos e mais o dominio da palabra son as armas que deben usar os contendentes. Hainos en todas as culturas e desde tempos moi recuados. Polo que a Galicia toca, e segundo nos conta Carré Aldao na súa *Geografía General del Reino de Galicia*, “a aseveración inmemorial de historiadores e xeógrafos romanos conta que, no país galaico, as femias levan a palma en improvisar cántigas e tanguer, sendo as súas composicións do máis fino epigrama e de verdadeiros poemas de delicado sentimento”.

Hoxe en día, e por razóns de todos coñecidas, este tipo de prácticas caeu en desuso –sobre todo nesta nosa terra–, o que fai aínda máis meritoria a iniciativa do Centro Veciñal e Cultural Valladares e o seu orixinal intento de actualización utilizando a internet e as técnicas máis modernas.



11. Le con atención este texto e di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas e por que:

- Unha regueifa é unha cantiga de porfía, ademais dun bolo de pan.
- O regueifeiro é a persoa que reparte o bolo entre os solteiros e solteiras.
- É unha tradición propia de Galicia.
- Para ser bo regueifeiro fai falta ter moito dominio da palabra.

12. Aquí tes un texto dunha regueifa feito por alumnado da ESO.

SAE Á VENTÁ MARIQUIÑA

<u>MOZOS</u>	<u>MOZAS</u>
Sae á ventá Mariquiña, se te queres asomar, esa cariña de rosa quero volver a mirar.	Vaíte de aí, Antón, non me veñas a tentar, que se me asomo á ventá ha de ser para te insultar
Heíche de axustar as contas as contas heíche axustar; ven para aquí queridiña, que os dous temos que falar	Co permiso dos meus país, e da miña señorriña, estímaba de saber; Antón, tí para que víñas.
A que veño ben o sabes, eu díreíche a verdade: veño por pasar a noite, que é cousa de mocidade.	Queridiño, ben falaches, queridiño, ben dixeches non saber o camiño volve por onde víñeches.
O camiño ben o sei, ben o vexo desde aquí, só che quería levar unha rosa que hai aquí	Esta rosa que tí ves, asomadiña á ventá, non che ha tocar a tí, porque é pro teu irmán
A mín non che me interesa, mulleres hanme sobrar; os amores que me negas moitas me quíxeran dar.	Adeus, cara de coello, porque xa me vou marchar que non quero máis contigo a miña saliva gastar.
Adeus, María do Campo, xa que te vas retirar; mais tamén che xuro eu que de tí me hei vingar.	

Alumnado de 2º de ESO.  
IES Leiras Pulpeiro

a) Lédeo na clase e traballade a súa comprensión (vocabulario máis difícil, comentario da situación que se crea...).

# 9 non me yeñas con andrómenas!



b) Contesta agora estas preguntas:

- No texto hai dous personaxes principais que son \_\_\_\_\_.
- Que pretende o mozo?
- A moza está de acordo ou rexéitao?, por que?
- Como reacciona el?

c) Tendo en conta que primeiro interveñen os mozos e que logo lle replican as mozas, que dúas persoas o lean en voz alta para os demais seguindo esta quenda.

d) Imos crear nós agora a nosa propia regueifa. Dámosche esta situación de partida.

Contrincantes: veciños de dúas aldeas diferentes da mesma parroquia.

## Veciños de Saiáns

Os veciños de Fornelos  
sonche xente de argallar  
están sempre con retrancas  
non nos van deixar en paz.

## Veciños de Fornelos

Mira ti os de Saiáns  
que non teñen que agachar,  
que son xente rabechuda  
leriantes e folgazáns.

e) Facede un número de grupos par: uns que se ocupen de continuar a letra dos veciños de Saiáns e outros da de Fornelos.

f) Representade na aula a regueifa por parellas de grupos.

## Tipoloxía textual

### O artigo de opinión

#### Carta aberta aos que non me queren chamar polo meu nome

Un artigo de: Xabier P. Docampo

[10/03/2005]

Señoras e señores: Permítanme que non lles diga queridos nin prezados nin estimados nin ningunha das fórmulas de cortesía que é costume usar nas cartas. É que eu nin os quero a vostedes, nin os aprecio nin os estimo, simplemente os sufro.

Verán, vostedes teñen o feo costume de, por máis que eu lles diga que me chamo como consta enriba deste escrito, me chamar Javier. Aínda que son moitos e moitas os que me fan tal cousa, voules poñer o máis recente exemplo. A semana pasada chamei á clínica para pedir hora co oculista. Respondeume unha voz feminina que, despois de me dicir que fose o venres ás seis e cuarto (todo isto en castelán, por máis que eu lle falaba en galego), pedíume o meu nome:

- Xabier -díxenlle.
- Javier -corrixiu ela.
- Non, non, Xabier -insistín.
- Si, ya, ya... -dixo.
- Xa estamos coma os camareiros co café con leite -*rosmei eu.*
- ¿Cómo? -dixo ela.
- Que me chamo Xabier, non Javier.
- Bien, pues el viernes a las seis y cuarto.

O venres cheguei e, como era a primeira vez que ía, abríume unha carpeta para o meu historial, na que escribiu: Javier.

- Perdoe é que aí pon Javier e eu chámome Xabier, quere que lle amose o DNI?
- Ah, bueno, pues después ya lo corrijo.
- Si, *mírame neste ollo que teño un lixo.*

O oculista chamoume Javier todo o tempo. Á saída, a rapaza despediume chamándome Javier... Non sei se volverei, pero é que *xa non me quedan oculistas na cidade na que vivo, nin traumatólogos nin dermatólogos nin cardiólogos nin...* Eu fago un par de intentos de que poñan o meu nome ben, pero tampouco insisto moito *non sexa o demo que non me curen*, que é o importante. O caso é que a receita para facer os lentes pon Javier. Todos escriben Javier, por máis que lles digo que me chamo Xabier, *aínda que eu vaia co carné de identidade entre os dentes*. Alí pon ben clariño Xabier, que bo traballo que me custou que mo puxesen en galego porque *era ao primeiriño de saír a norma e os funcionarios do rexistro non tiñan claro que fose legal tal rareza*.

Pero non son só os do ramo da sanidade. É igual cos do ramo do dereito, que hai anos que teño pendente unha escritura porque non dei aínda cun notario na miña cidade que ma faga en galego. (*Que máis che ten a escritura. Hai que ver que raro es!*). Tamén me pasa con moitos funcionarios, nomeadamente cos de correos, que é frecuente que o aviso de que teño nas súas oficinas unha carta ou un paquete tamén poña Javier, aínda que o orixinal di clariño Xabier.

Outro tanto pasa cos de mensaxaría privada. E ademais cando falan desde *o chirimbolo do portal* din:

- Don Javier?
- *Don un raio que te tronce...* Eu chámome Xabier e no paquete ou carta pon Xabier.

Iso si, vostedes pónenlle aos seus fillos Iván, Anna, Michael, Iker... e *pobre do que* escriba Xoán, Ana, Miguel, Visitación... Ou Jessicas sen os dous eses, Jonathan sen o th, Kevin con Q... A semana pasada estiven nun colexio ao que ían os fillos e fillas da xente podente da cidade e había Sheila, Siomara, Nadir... *Eses nomes non son raros, o raro para vostedes é que eu me chame Xabier e non Javier...*

**O artigo de opinión** é un xénero xornalístico no que unha persoa emite a súa opinión acerca dun tema ou asunto. É, polo tanto, un dos xéneros de opinión, xunto coa crónica ou a carta ao director.

## A IRONÍA

A IRONÍA: é un recurso ao que se recorre en moitas ocasións nos artigos de opinión coma este que che achegamos. A ironía busca provocar a sorpresa, o sorriso... no lector. As maneiras de conseguilo poden ser variadas. Observemos o noso artigo:

**a) usar expresións ou frases feitas:** *mirame neste ollo que teño un lixo, non sexa o demo que..., don un raio que te tronce..., pobre do que...*

**b) recorrer á hipérbole ou esaxeración:** *xa non me quedan oculistas na cidade na que vivo, nin traumatólogos nin dermatólogos nin cardiólogos nin..., aínda que eu vaia co carné de identidade entre os dentes...*

**c) dicir o contrario do que se quere afirmar:** *que máis che ten a escritura. Hai que ver que raro es! Eses nomes non son raros, o raro para vostedes é que eu me chame Xabier e non Javier, era ao primeiriño de saír a norma e os funcionarios do rexistro non tiñan claro que fose legal tal rareza...*

Outros textos cun marcado ton irónico poden ser estes:

.....En tempo de guerra todo é progreso, ledicia e máis fartura. Mísiles, tanques, fusiles, pistolas, metralletas, escuadras, canóns aéreos e antiaéreos, bombas atómicas, de mao de napalm erguen unha música doce e harmoniosa que a xente escoita compracida e enlevada. Todos van á morte moi felices, os feridos teñen nos beizos a flor dunha sorrisa. Non se derrama sangue, ¡ai, eso non! Os campos bombardeados e incendiados seméllanse aos xardíns e ás máxicas fogueiras do San Xoan.

Manuel María

A revolución industrial.  
As mulleres de talle 36  
embutidas no que antes  
utilizaríamos  
para facer uns bos chourizos.  
Todas iguais.  
Unha por unha.  
Unha produción ilimitada  
nun mercado mutilador.  
Se cadra agora haberá que xustificar  
que se segue sendo humana  
mesmo se non se cabe  
na roupa de Zara

María Reimóndez

9 non me yeñas  
con andrómenas!

18

13. Lede estes fragmentos de poemas de Manuel María e María Reimóndez. Onde detectades o uso da ironía? En que consiste o recurso?

14. Chegou o momento agora de crear o teu propio artigo de opinión empregando a ironía. Dámosche estas dúas alternativas, pero tamén vós podedes propoñer as temáticas que consideredes adecuadas:


*Xénero: artigo de opinión*  
*Tema: a superstición popular*  
*sobre o martes e trece*

*Xénero: artigo de opinión*  
*Tema: a suposta igualdade da*  
*muller nas sociedades occidentais*

9 non me veñas  
con andrómenas!



## Modelo actividade Celga



Fonte: folleto publicitario de R.

15. Abride na clase o tema de debate: prefires a Papá Noel ou os Reis Magos? Nomeade un secretario ou secretaria en ambos os bandos que vaia anotando as razóns que van aparecendo para apoiar a candidatura que o seu grupo defende. Ao final do debate, que cada secretario enumere as razóns que deu o seu grupo. Gaña o debate o que consiga acumular máis argumentos a favor do seu candidato ou candidata.



## Contido sociocultural

### O Entroido

**ENTROIDO ou CARNAVAL:** festa que parece ter as súas orixes nas celebracións dionisiacas gregas, que logo pasaron a Roma coas bacanais, saturnais e lupercais. Posteriormente, foron asimiladas polo cristianismo e a Igrexa católica relacionouno coa chegada da Coresma. Así, Entroido significaría a 'entrada' a este período de abstinencia, co que implicaría unha despedida da "carne", e que abarcaría os tres días anteriores ao Mércores de Cinza, porta da vixilia, de onde toma o nome de carnaval, 'quitar a carne'. Sería, pois, un tempo de licenza, transgresión e liberdade plena, no que se permitirían facer cousas prohibidas o resto do ano, criticando e ridiculizando feitos da vida cotiá. De xeito popular, nalgúns lugares tamén se denomina Antroido.



**BOTEIRO:** personaxe do Entroido de Viana do Bolo que leva unha pesada máscara formada por unha carauta negra tallada en madeira cuns pequenos cornos, un gran sorriso e unha pantalla frontal colocada por riba da cabeza, feita con arame e cartón e adornada con figuras xeométricas, fitas e papeis de formas e cores variadas. Viste un pantalón vermello con flocos nos lados, camisa bordada e adornada con fitas de cores, faixa con picos e borlas e un cinto con campañañas. É a figura principal do folián. Tamén se dá en Vilariño de Conso, con algunhas diferenzas.



**CIGARRÓN:** personaxe do Entroido, tamén coñecido como peliqueiro, choqueiro ou chocalleiro, segundo os lugares, típico da zona de Verín e Laza. É en Verín onde se tende a designar como cigarrón, que golpea a xente cun látigo ou cun pau rematado nunha vexiga, levántalles as saias ás rapazas e obriga a quen captura a convidalo a viño. É "intocable" por parte do público e mantén a súa identidade no anonimato. Viste camisa branca, gravata vermella, chaquetiña curta de seda con adornos dourados e panos de cores, faixa de seda sobre a que vai un cinto de coiro con cinco ou seis chocas de gran tamaño, calzón curto de seda con borlas de la de variadas cores, ligas, medias brancas de fantasía e zapatos baixos e negros. Leva unha carauta feita de madeira cunha especie de mitra de latón na que están pintados distintos animais.